

COMUNIDADE LOCAL E DEFENSA DO RÍO MIÑO: UN ACHEGAMENTO Á HISTORIA DO CONFLITO CONTRA A CELULOSA NO CONDADO

Damián Copena Rodríguez^{1,2*}, Diego Amoedo Martínez^{2,3,4}

¹ Universidade de Santiago de Compostela, Lugo, Galiza

² Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais, Santiago de Compostela, Galiza

³ Universidade Federal do Oeste do Pará, Pará, Brasil

⁴ Centro de Estudos Rurais, Universidade Estadual de Campinas, Campinas, Brasil

**Email de contacto:* damian.copena@usc.gal

RESUMO

No mes de novembro do ano 1975 os principais xornais galegos publicaban un anuncio da empresa Celulosas de Guipúzcoa que estaba dirixido a tódolos concellos de Galicia e facía un chamado para que mostrasen o seu interese en acoller unha fábrica de celulosa e ofertasen posibles localizacións para esa instalación.

Un dos concellos que se posicionou a favor desta actividade foi o de Pontearreas. Tras un acordo plenario, iníciase un proceso no que o Condado aparece como unha das opcións probables para a construción da nova celulosa, con varias posibles localizacións. O proxecto vinculábase co río Miño, o curso fluvial necesario para a actividade produtiva, o que xerou unha grande preocupación na poboación da contorna. Deste xeito, rapidamente vai agromar un importante proceso de oposición ao proxecto que collerá forza nos concellos do Condado e que tamén terá relevancia nas localidades da beira portuguesa do río Miño.

A presente comunicación mostra os resultados iniciais dun proceso de investigación no que se está a estudar a historia do conflito desenvolvido no Condado pola posible instalación da fábrica de celulosa. Deste xeito, a partir da recompilación e análise dunha diversidade de fontes documentais, faise un achegamento á conflitividade e ao proceso de mobilización social. O traballo amosa como a defensa do río e das actividades económicas vinculadas con el foron algúns dos eixos baixo os que se organizou a resistencia ao proxecto, tanto desde a área galega como desde o lado portugués do Miño.

Palavras-chave: conflito socioambiental; xustiza ambiental; celulosa; mobilización; defensa da terra.